

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE SOBRE A IMPUTACIÓN DE DETERMINADOS GASTOS DO CAPÍTULO VI

O 14 de abril de 2015 publicouse unha instrución desta vicerreitoría (daquela Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas) na que se establecían uns subconceptos na clasificación económica para corrixir o desaxuste entre a contabilidade orzamentaria e a financeira en relación co material ou bens excluídos da súa alta no inventario.

Os subconceptos creados foron:

- 622.54 NON INVENT. EDIF. E OUTR. CONSTRUCCIÓNS
- 623.54 NON INVENT. MAQUINARIA E INSTALACIÓNS
- 625.54 NON INVENT. MOBILIARIO E EQUIPAMENTO
- 626.54 NON INVENT. EQUIPAM. INFORMÁTICO

Na resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade de 17 de xullo de 2017, pola que se define a clasificación económica dos gastos dos capítulos II, III, IV, V e VI do orzamento de gastos da Universidade da Coruña, se establecen os criterios que se seguirán para a súa imputación así como os códigos que definen a clasificación económica, a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Os anteditos subconceptos non figuran na nova clasificación de gastos polo que cómpre derrogar a instrución de 14 de abril de 2015 e, xa que logo, deixala sen efecto desde o 1 de xaneiro de 2018, polo que as ditas partidas non poderán ser utilizadas.

Esta instrución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A Coruña, 16 de novembro de 2017

O vicerreitor de Economía,
Infraestruturas, e Sustentabilidade

Domingo Calvo Dopico